

ESCOLA DA VIDA

Segundas oportunidades escolares

31.10.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A maioría das persoas que hoxe se atopan profesionalmente activas pasaron no seu día polo ensino obrigatorio. No entanto, non todas elas conseguiron o título que así o acredita. As solucións paliativas que se adoptaron para resolver esta carencia foron variadas. Ao principio, os que non acadaban o Graduado Escolar recibían o Certificado de Escolaridade ou dirixíanse cara a unha FP minusvalorada. Máis adiante, a opción foi ofrecerlles un tipo de formación intermedia entre a académica previa e a profesional posterior, coñecida como Programas de Garantía Social (PGI), algo pouco funcional para a poboación á que se destinaban.

Agora, aos mozos de entre 15 e 17 anos en risco de abandonar o sistema educativo propónselles o seu ingreso nos Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI), instituídos pola Lei orgánica de Educación (2006), aínda que o ideal sería que xa puidesen inicialos aos 14 anos ou incluso antes, se o seu fracaso escolar xa fose patente. Os PCPIs están funcionando relativamente ben xa que neles se lles imparten aos alumnos uns coñecementos máis prácticos que no ensino secundario, o que lles posibilita pór en marcha unhas destrezas para as que se senten máis capacitados.

Por outra parte, os alumnos que xa abandonaron hai algún tempo os seus estudos para incorporarse ao mercado laboral, teñen agora unha nova oportunidade para obter un título que avale a súa actividade. O seu retorno ao sistema escolar sérvelles para acreditar a súa experiencia profesional, á vez que para formarse nuns módulos específicos, de xeito que poidan conseguir o seu título de especialista. Con estes novos procedementos de formación e de acreditación profesional imos gañar todos: os mozos, porque se lles vai recoñecer unha valía profesional que vai elevar a súa autoestima e rebaixar o seu fracaso escolar; os profesionais, porque o investimento que fixeron na súa formación práctica vai ser agora validada polas instancias administrativas, recoñecéndolles unhas competencias que lles permitirán traballar en igualdade de condicións co resto dos titulados da súa área laboral, e para a sociedade porque vai elevar o conxunto da súa cualificación, ademais de dotarse dun maior potencial para a resolución dos seus problemas socioeconómicos.